**Acta da sesión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, do día 12 de decembro de 2024**

**[PLG/MCVR]**

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego,** o día **12 de decembro de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

**Mesa:**
Noelia Pérez López
(Presidenta)
Ethel María Vázquez Mourelle
(Vicepresidenta)
Iria Carreira Pazos
(Secretaria)

**Vogais:**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):**
María Encarnación Amigo Díaz
Raquel Arias Rodríguez
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
Nicole Grueira Fernández
María Dolores Hermelo Piñeiro
Argimiro Marnotes Fernández
Carmen María Pomar Tojo
(en substitución de Cecilia Vázquez Suárez)
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):**
Ariadna Fernández González
María Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Iago Suárez Fernández
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):**
María Elena Espinosa Mangana
María del Carmen Rodríguez Dacosta
(en substitución de Silvia Longueira Castro)
**Grupo Parlamentario Mixto (M):**
Armando Ojea Bouzo

**Comparecentes:**
Director xeral de Asistencia Sanitaria
Directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego
Secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade
Director xeral de Inclusión Social

**Letrada:**
Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

A presidenta abre a sesión e rógalle á secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a Presidencia, previa comunicación aos portavoces dos distintos grupos parlamentarios a través de correo electrónico, dá conta dunha alteración no debate das iniciativas que conforman a orde do día desta sesión, consistente en tramitar:
- en primeiro lugar a pregunta 1.4, doc. núm. 14642
- en segundo lugar a pregunta 1.5, doc. núm. 14700
- e en terceiro lugar a pregunta 1.3, doc. núm. 14061

**Punto único. Preguntas:**

**1.4 14642 (12/POC-002300)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Prado Cores, María Montserrat e 4 máis**
**Sobre a situación do transporte sanitario urxente terrestre no Salnés e as previsións da Xunta de Galicia respecto dun reforzamento no verán da presenza de ambulancias medicalizadas (SVA) e da dotación médica destas unidades**
***Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 118f1, do 20.11.2024***

A **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG),** expón as razóns nas que se basean as cuestións que figuran na súa iniciativa e que aparecen publicadas no BOPG anteriormente citado.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia a **secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera.**

Na rolda de réplica a **señora Prado Cores, María Montserrat (BNG)**, manifesta diversas consideracións discrepantes coa información aportada pola señora Lobato Mosquera e incide na importancia dalgunhas cuestións xa expostas.

Péchase o debate desta pregunta cunha nova intervención da **secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, Natalia Lobato Mosquera,** que reitera e amplía o manifestado na súa anterior intervención.

*A Presidencia agradece a presenza da señora Lobato Mosquera nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse, xa que non ten mais preguntas ás que teña que dar resposta.*

**1.5 14700 (12/POC-002304)**
**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**
**Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis**
**Sobre a oferta en Ourense canto a centros sociocomuntarios, as razóns**

PARLAMENTO DE GALICIA

**do peche en fins de semana e festivos do centro de Ponte Pelamios e as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto dunha eventual mellora ao respecto**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024***

A **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** dá conta das razóns que motivaron a formulación desta pregunta, expresándose en termos semellantes aos que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia, o **director xeral de Inclusión Social (Consellería de Política Social e Igualdade), señor Parrado Puente, Arturo.**

En rolda de réplica, a **señora Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S),** manifesta a súa inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

A **director xeral de Inclusión Social (Consellería de Política Social e Igualdade), señor Parrado Puente, Arturo,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención.

*A Presidencia agradece a presenza do director xeral de Inclusión Social nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.*

*A presidenta abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar un escano co seu grupo parlamentario, de acordo co establecido no artigo 82 do Regulamento do Parlamento, pasando a ocupar a Presidencia a señora Vázquez Mourelle, vicepresidenta da Comisión.*

**1.3 14061 (12/POC-002238)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Pérez López, Noelia e 8 máis**
**Sobre os resultados obtidos a través dos convenios enmarcados no Programa de arraigo para a formación, dirixido ás persoas migrantes en situación irregular, e as previsións respecto da sinatura de novos convenios**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 115f3, do 13.11.2024***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Pérez López, Noelia (P)**, quen expón os motivos nos que se basea a formulación desta iniciativa, ampliando os que se conteñen na súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento.

Para dar resposta a esta pregunta intervén, en nome da Xunta de Galicia, a **directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego (Consellería de Emprego, Comercio e Emigración), señora Lado Lago, Zeltia**.

PARLAMENTO DE GALICIA

En rolda de réplica, a **señora Pérez López, Noelia (P),** agradece a información aportada pola señora Lado Lago na súa resposta, sobre a que expón novas consideracións.

Pecha o debate desta iniciativa a **directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego, señora Lado Lago,** ampliando a información facilitada na súa intervención anterior.

*A Presidencia agradece a presenza da directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia se desexa retirarse da mesma para atender outras obrigas.*

*Rematado o debate desta pregunta, a señora Pérez López incorpórase ao seu posto na Mesa da Comisión.*

**1.1 10828 (12/POC-001836)**
**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**
**Fernández González, Ariadna e 3 máis**
**Sobre o problema da dispersión da poboación en Galicia no deseño da prestación dalgúns servizos sanitarios, a eventual creación dun centro público de diálise na Estrada e as medidas para a mellora do transporte destes pacientes**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88f2, do 20.09.2024***

A Presidencia concédelle a palabra a **señora Fernández González, Ariadna (BNG)**, que pasa a dar conta das razóns que levaron ao seu grupo á presentación desta iniciativa, expresándose en termos semellantes aos que aparecen por escrito publicados no BOPG anteriormente subliñado.

En representación da Xunta de Galicia contéstalle o **director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade), señor Silva Tojo, José Alfredo.**

En rolda de réplica a **señora Fernández González, Ariadna (BNG),** manifesta a súa insatisfacción e inquedanza ante a información facilitada e expón diferentes consideracións a respecto dela.

O **director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade), señor Silva Tojo,** pecha o debate desta iniciativa puntualizando os datos amosados na súa anterior intervención e ampliando información sobre algunhas cuestións concretas ás que fixo referencia a señora deputada na súa intervención inmediatamente anterior.

**1.2 12340 (12/POC-002029)**
**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**
**Vázquez Mourelle, Ethel María e 8 máis**
**Sobre o balance da actividade cirúrxica no Sergas en canto ás patoloxías de maior gravidade, en concreto, ás clasificadas como**

PARLAMENTO DE GALICIA

**prioridade 1**
***Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97f2, do 09.10.2024***

A Presidencia concédelle a palabra á **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P)**, que procede á defensa da iniciativa ampliando os argumentos que da mesma se expoñen por escrito e que aparecen publicados no BOPG anteriormente subliñado.

Pasa a contestar a esta pregunta, en nome da Xunta de Galicia o **director xeral de Asistencia Sanitaria (Consellería de Sanidade), señor Silva Tojo, José Alfredo.**

En rolda de réplica a **señora Amigo Díaz, María Encarnación (P),** logo de agradecer a información aportada, sobre a que expón novas consideracións, anímao a seguir traballando nesa liña.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do **director xeral de Asistencia Sanitaria, señor Silva Tojo, José Alfredo,** ampliando os datos amosados na súa anterior intervención e agradecendo as verbas da señora deputada.

*A señora presidenta agradece a presenza do señor director xeral de Asistencia Sanitaria nesta sesión da Comisión e desculpa a súa ausencia, dado que non ten máis preguntas ás que teña que dar resposta.*

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia agradece a todos o seu traballo e levanta a sesión.

Remata a sesión ás 12:35 horas.

Noelia Pérez López

**e pr.**
**Noelia Pérez López**
**Presidenta da Comisión**

Firmado digitalmente por Noelia Pérez López
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Noelia Pérez López, email=noelia.perez.lopez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.02.03 14:13:00 +01'00'

**Iria Carreira Pazos**
**Secretaria da Comisión**

Iria Carreira Pazos

Firmado digitalmente por Iria Carreira Pazos
Fecha: 2025.02.03 12:03:40 +01'00'